

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE XULLO DE 2020

Lista de asistentes

Presidenta, decana , coordinadora de calidade e coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Casanova Cudeiro, Manuel

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Eguileta Franco, José María

Desculpan ausencia

Membros da sociedade

Garrido Labrador, Begoña

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, a comisión realízase por correo electrónico habilitándose o enderezo sfho@uvigo.es para a recepción de todas as suxestións que os membros queiran realizar e para proceder ás votacións. Participan na comisión os membros da comisión que figuran á marxe, o martes 14 de xullo de 2020, ás 12.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de xullo de 2020.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021

4.- Rolda de intervencións

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 7 de xullo de 2020.

Dado que non se recibe ningunha suxestión, apróbase a acta por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Desde a última reunión da comisión non hai novos asuntos que informar.

3.- Validación, se procede, das guías docentes do Grao en Xeografía e Historia para o curso 2020/2021.

A Coordinadora de grao, Beatriz Vaquero, remitiu en tempo e forma o aviso de que a plataforma de DocNet estaba aberta. Ademais, enviou a todo o profesorado unha serie de explicacións sobre as novidades incorporadas con motivo da covid-19 e subministrou posibles incorporacións que facilitaban a comprensión e uniformidade das guías do Grao en Xeografía e Historia.

Unha vez supervisadas as guías polo profesorado responsable, remitíronse á Coordinadora, quen as supervisou e, no caso de ser preciso, reenviou de novo a persoa responsable, coas necesarias correccións. Onte, recibidas e supervisadas neses últimos cambios, a coordinadora de grao remitiu o enlace con todas as guías docentes ao profesorado xa que a plataforma se vai pechar o día 15, para que hoxe puideran ser validadas por esta comisión e mañá ser aprobadas en Xunta de Facultade. Tras este rigoroso proceso, propoñemos a validación das guías docentes do grao en Xeografía e Historia e agradecemos o bo facer de Beatriz Vaquero, cuxa labor este ano resultou bastante máis complicada que de ordinario dado a situación de imprecisión que vivimos non só no presente, senón tamén respecto ao vindeiro curso. Todos os membros que participan por correo electrónico manifestan o seu voto positivo. Non se presentan suxestións nin alegacións.

Apróbanse as guías docentes por asentimento.

4.- Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.30 horas do día 14 de xullo de 2020, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba